

CONXUNCIÓNS

As conxuncións, como os adverbios e preposicións, son clases de palabras invariables. Úsanse coa función de conectar as unidades sintácticas entre si, función na que coinciden cos pronomes relativos e as preposicións. Son por tanto nexos que traban o discurso e marcan as relacións que establecen as súas partes.

Se o elemento que desempeña esa función de nexo é unha palabra, temos unha **conxunción simple** (*e, pero, nin...*). O número de conxuncións deste tipo é reducido. Cando o nexo conxuntivo está formado por máis dunha palabra, temos unha **locución conxuntiva** (*aínda que, para que, de modo que, así que...*). O número de locucións conxuntivas é bastante máis extenso, e temos moitas formadas por preposición ou por adverbio acompañados da conxunción *que*.

Sintacticamente, distinguimos entre aquelas conxuncións que unen ou coordinan frases ou cláusulas daquelas que subordinan uns elementos a outros. Ás primeiras denominámolas conxuncións coordinativas e ás segundas, subordinativas.

Aínda podemos clasificar as conxuncións atendendo a un terceiro criterio lóxico–semántico segundo o cal distinguimos dentro das coordinativas entre copulativas, adversativas, distributivas e disxuntivas. Dentro das subordinativas distínguense causais, concesivas, finais, consecutivas, temporais, comparativas, condicionais e completivas.

conxuncións e locucións conxuntivas		
coordinativas		
Tipo	Conxunción	Locución conxuntiva
Copulativas	e, nin, mais	e mais
Adversativas	pero, mais, senón, que, porén	e mais, agora que, se ben, senón que, só que, no entanto
Disxuntivas	ou	ou...ou
Distributivas	ou, que	sexá...sexá; quer...quer; cando...cando
subordinativas		
Condicionais	se	a non ser que, a menos que, no caso que, unha vez que, excepto se, salvo se
Comparativas	como, que	así como ... así, tanto.....como / coma, así como..., así tamén, segundo..... así, máis / menosque / ca / do que
Causais	porque, pois, que, como	visto que, posto que, xa que
Temporais	cando, apenas	decontado que, deseguida que, mentres que, antes (de) que, despois (de) que, sempre que, desde que, ata / até que, logo que, así que
Concesivas		aínda que, mesmo que, a pesar de que, por máis que, malia que, pese a que
Consecutivas	que	de maneira / modo / xeito / forma / sorte que
Finais		para que, a fin de que, por que
Completivas	que, se	